

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE ARTEIXO**

*ANUNCIO da convocatoria e das bases do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de coordinador/a de servizos sociais.*

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña número 115, do 14 de xuño de 2024, publicáronse integramente a convocatoria e as bases que rexerán o proceso selectivo, polo procedemento de concurso-oposición, quenda de promoción interna, para a cobertura en propiedade como persoal laboral fixo dunha praza de coordinador/a de servizos sociais.

As ditas bases foron rectificadas nos termos publicados no *Boletín Oficial* da provincia da Coruña número 158, do 19 de agosto de 2024.

O prazo de presentación de instancias será de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Os sucesivos anuncios relacionados con esta praza publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo (A Coruña).

Arteixo, 2 de setembro de 2024

Carlos Calvelo Martínez  
Alcalde presidente

